



BORRADOR ACTA DA SESIÓN DO PLENO DO CONCELLO DE SALCEDA DE CASELAS Nº 3/2017  
DE CARÁCTER EXTRAORDINARIO CELEBRADA O 21 DE ABRIL DE 2017

ASISTENTES

Presidente

Sr. Alcalde, Marcos David Besada Pérez (MS)

Concelleiros/as

Grupo municipal do Partido Popular

GONZÁLEZ SOUTO, Primitivo (PP)  
NÚÑEZ TRONCOSO, Joaquín (PP)  
RODRÍGUEZ DAVILA, Santiago (PP)  
VALCÁRCEL BERNARDEZ, Ángela (PP)  
GONZÁLEZ RODRÍGUEZ, Mirian (PP)

Grupo municipal de Movimento Salceda

PÉREZ PÉREZ, Carla María (MS)  
CASTIÑEIRA ALÉN, María Dolores (MS)  
GONZÁLEZ RODRÍGUEZ, José Luis (MS)  
PÉREZ GONZÁLEZ, María Teresa (MS)  
GONZÁLEZ GONZÁLEZ, Miguel (MS)

Grupo municipal do PSdeG-PSOE

TOURÓN DOMÍNGUEZ, Verónica (PsdeG-PSOE)  
LEDO SOUTO, Ángela (PsdeG-PSOE)

Secretaria do Concello

Noemi Sirera Diéguez

Interventora do Concello

Elisa Marques Parrilla



HORA DE INICIO: 20:08 h.

HORA DE REMATE: 20:55 h.

Na Sala de sesións do Concello, sendo as 20:08 horas, tras convocatoria efectuada polo Señor Alcalde mediante Decreto nº 145/2017, reúnense en sesión ordinaria, e en primeira convocatoria, os/as señores/as corporativos/as expresados/as con anterioridade, baixo a presidencia do Señor Alcalde, Marcos David Besada Pérez, quen procede a abrir o acto, unha vez comprobada pola Secretaria a existencia do quórum necesario para a válida constitución do órgano, para deliberar, no seu caso, e adoptar os correspondentes acordos sobre os asuntos incluídos na seguinte orde do día.

ORDE DO DÍA

1. Aprobación da acta de sesión anterior (acta da sesión nº 2/2017, extraordinaria, celebrada o 24 de marzo de 2017)
2. Proposta de aprobación de recoñecemento extraxudicial de créditos nº 1/2017.

INICIO DA SESIÓN

**Sr. Alcalde, Marcos David Besada Pérez (MS):** Benvidos unha vez máis a vosa casa, acompañame como é habitual a Secretaria e a Intervención municipal. Pleno extraordinario que se xustifica pola urxencia que temos de acordo co previsto no punto dous da orde do dia.

Teníamos previsto levar o REC no pleno ordinario da semana que ven, pero a urxencia ven xustificada porque se lle pode permitir o Concello salvar unha cifra significativa de euros debido a unha solución da Xunta que nos vai permitir xustificar a subvención.



En principio no podíamos por tema de prazos pero agora podemos aproveitar a solución nova que nos da a Xunta, xa os explicaran a continuación pero xa o sabedes pola Comisión Informativa. Do tema do REC o concelleiro da area os explicará polo miúdo o REC 2017 pero a mi me tocaba explicar a necesidade e a xustificación da urxencia.

1. Aprobación da acta de sesión anterior (acta da sesión nº 2/2017, extraordinaria, celebrada o 24 de marzo de 2017)

Conforme ao preceptuado no artigo 91 do Real Decreto 2568/1986, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF, en adiante) o Señor Presidente pregunta se algún/ha membro do Pleno desexa formular algúna observación á acta da sesión nº 2/2017, extraordinaria, de 24 de marzo.

  
Non existindo observacións, sométese a votación a acta da sesión nº 2/2017, de 24 de marzo, e a mesma é aprobada por DOCE VOTOS A FAVOR dos Sres Concelleiros/as, BESADA PÉREZ, PÉREZ PÉREZ, CASTIÑEIRA ALÉN, GONZÁLEZ RODRÍGUEZ, PÉREZ GONZÁLEZ, GONZÁLEZ GONZÁLEZ, GONZÁLEZ SOUTO, NÚÑEZ TRONCOSO, VALCÁRCEL BERNÁRDEZ, GONZÁLEZ RODRÍGUEZ, TOURÓN DOMÍNGUEZ, LEDO SOUT; e UNHA ABSTENCIÓN do Concelleiro Sr. RODRÍGUEZ DAVILA, por no estar en la sesión anterior.

2. PROPOSTA DE APROBACIÓN DE RECOÑECIMENTO EXTRAXUDICIAL DE CRÉDITOS Nº 1/2017.

Sr. Alcalde, Marcos David Besada Pérez (MS): Ten a apalabra o responsable do área Jose Luis González.

GONZÁLEZ RODRÍGUEZ, José Luis (MS): Lee a proposta do concelleiro de economía e facenda:  
"PROPOSTA DO CONCELLEIRO DE ECONOMÍA E FACENDA

  
Vista a necesidade de recoñecer extraxudicialmente créditos de gastos correspondentes ao exercicio 2016 para as que non había crédito orzamentario e gastos correspondentes a servizos prestados durante o exercicio 2016 que tiveron entrada no Concello durante o ano 2017 e que, polo tanto, non puideron ser tramitados con cargo ao Orzamento de Gastos do exercicio, así como doutros gastos diversos

DISPONÓ

1º Que se emita informe de fiscalización da intervención municipal sobre a aprobación do recoñecimento extraxudicial de créditos 1/2017, segundo o seguinte detalle:

- Relación 1 de recoñecimento extraxudicial de créditos 1/2017: trátase de facturas que tiveron entrada no exercicio 2017 e que se corresponden con gastos do exercicio 2016.

O importe total da relación 1 de recoñecimento extraxudicial de créditos 1/2017 que se propón para a súa aprobación, todas as facturas conformadas polos/as concelleiros/as de cada área, ascende a un importe bruto de 116.635,47 €, con IVE soportado de 0,00 €, outros descuentos 457,50 €, o que fai un importe líquido de 116.177,97 €. A relación comeza pola factura Nº 28-A782-272046 de 01/01/2017 de Telefónica móviles España S.A., CIF A78923125, por importe de 534,14 € e remata coa factura Nº 28/2016 de Mr. Misto Films S.L., CIF B15905672, de 15/07/2017, por importe de 725,00 €. (Adxunta a esta proposta anexo coa relación)

- Relación 2 de recoñecimento extraxudicial de créditos 1/2017: trátase de facturas correspondentes a gastos do 2016 que quedaron pendentes de aplicar ao orzamento en 2016 por non existir crédito orzamentario.

O importe total da relación 2 de recoñecimento extraxudicial de créditos 1/2017 que se propón para a súa aprobación, todas as facturas conformadas polos/as concelleiros/as de cada área, ascende a 56.848,39 €. A relación comeza pola factura nº 200376711 de 05/04/2016 de Rentokil Initial España S.A., CIF A-28.767.671, por importe de 405,90 €, e remata pola factura nº 2210010732 de data 01/08/2016 de Thyssenkrupp elevadores S.L., CIF 33.464.263-E, por importe de 1.087,48 €. (Adxunta a esta proposta anexo coa relación)

- Gastos de desprazamento dentro do termo municipal por razón de servizo a favor do Concelleiro de Vías e obras, Miguel González González NIF: 35.548.188-D, con cargo a partida



912-23100, co seguinte detalle:

- 140,60 € (740 km) como indemnización polos gastos ocasionados polo desprazamento dentro do témino municipal por razón de servizo durante o mes de xuño de 2016.
- 70,88 € (372 km) como indemnización polos gastos ocasionados polo desprazamento dentro do témino municipal por razón de servizo durante o mes de xullo de 2016.
- 139,46 € (734 km) como indemnización polos gastos ocasionados polo desprazamento dentro do témino municipal por razón de servizo durante o mes de setembro de 2016.
- 123,31 € (649 km) como indemnización polos gastos ocasionados polo desprazamento dentro do témino municipal por razón de servizo durante o mes de outubro de 2016.
- 128,82 € (678 km) como indemnización polos gastos ocasionados polo desprazamento dentro do témino municipal por razón de servizo durante o mes de novembro de 2016.
- 120,65 € (635 km) como indemnización polos gastos ocasionados polo desprazamento dentro do témino municipal por razón de servizo durante o mes de decembro de 2016.
- Que se recoñece a obriga derivada das cuotas emitida pola Comunidad de Propietarios José Antonio – Mercadillo, CIF:H36228237, correspondentes ao meses de xaneiro a decembro de 2016, pola vivenda 1ºD sita en R/Arxentina , nº7 Edificio Rúa José Antonio a Mercadillo por importe de 197,40 € con cargo á partida 231-22699.
- Que se recoñece a obriga derivada dos gastos de auga do colexo Revolta correspondente ao periodo 09/07/2016 a 08/01/2017, por importe de 32,00 €, así como a cota anual correspondente ao ano 2016 por importe de 20,00 €. a favor da Comunidade de usuarios de augas de Parderrubias, CIF G36219996 , con cargo á partida 323.46801
- Que se recoñece a obriga derivada dos gastos de auga do colexo Fontán, correspondente ao periodo 09/07/2016 a 08/01/2017, por importe de 4,50 €, así como a cota anual correspondente ao ano 2016 por importe de 20,00 €. a favor da Comunidade de usuarios de augas de Parderrubias, CIF G36219996 , con cargo á partida 323.46801
- Que se recoñece a obriga derivada da cota anual dos gastos de auga do Campo de fútbol Penedo Redondo, a favor da Comunidade de usuarios de augas de Parderrubias, CIF G36219996 , correspondente ao exercicio 2016, con cargo á partida 342.46801 por importe de 20,00 €.

Como ben sinalaba o Alcalde anteriormente, o motivo de traelo a este Pleno extraordinario e poder dar cabida si procede aprobando o REC a dúas facturas correspondentes a subvencións que percibe o concello do Servizo de Axuda no Fogar en concreto na relación numero 1 as facturas de SOCISER GALICIA S.L. correspondente a axuda no fogar de libre concurrencia e outra correspondente por a lei de dependencia, son as dúas correspondentes do mes de decembro e que tiveron cabida no mes de xaneiro. A única fórmula para poder pagalas e a través do REC, este e o motivo para poder salvar e xustificar antes do prazo que remata o 28 de este mes, o venres que ven, e non perder esta subvención.

**NÚÑEZ TRONCOSO, Joaquín (PP):** Boas tardes, en primer lugar, manifestar o noso malestar porque tivemos acceso a liquidación e os maiores do orzamento tanto de ingresos como de gastos hoxe mesmo. Foi autorizado polo Alcalde fai tres días pese a pedilo o dia 3 de marzo de 2017 e nos consta que o decreto de aprobación da liquidación xa foi o dia 8 de marzo, osea un mes e medio posterior a dito decreto se nos entrega a documentación. Que por certo é importante para estudiar este REC que se trae hoxe a Pleno.

Dito esto, este é un REC que conforman 301 facturas e como se nos dixo na Comisión Informativa son facturas que entraron ata o 5 de abril de este mes, polo que supoño que será o primeiro e único REC de este ano.

Neste REC se ben a confirmar o que nos xa plantexamos nunha moción que presentamos sobre o REC 1/2016 vinculado a aprobación do orzamento do 2016, onde dicímos que había que incrementar a partida de gasto da enerxía eléctrica por 48.000 euros e vai coincidir praticamente co importe de agora que son 48.900 euros, xa o advertiamos daquela.

Vemos outras curiosidades nas relacións de facturas, unha factura de 1.000 euros emitida pola asociación deportiva A forna, que salvo que estemos equivocados, e unha asociación que non e deste concello sen embargo se lle da unha subvención para humanización Budío terras de louro. En cambio temos centros culturais do noso concello se lle da unha subvención de 900 euros.

Respecto do que di o Alcalde e o Concelleiro de area de que traen a este pleno facturas de SOCISER o que nos estádes contando e unha milonga. Esa partida estaba sen crédito, si van as bases do orzamento en concreto a 45 di que imputarase o exercicio de 2016 as obrigacións recoñecidas ata o 31 de xaneiro



do ano seguinte a condición de que correspondan a gastos realizados antes do fin do exercicio orzamentario e con cargo os seus respectivos créditos.

Polo que o di claramente, estas facturas entraron no rexistro o 27 de xaneiro de este ano, polo que en tempo e prazo para poder pagalas antes co cargo a partida sempre e cando houbera crédito, e se non o hai habería que facer unha retención de crédito para evitar estar aquí agora. Xa se previa que ía acontecer, así o advirte intervención en diversos informes, que antes de acometer gastos se faga a retención de crédito correspondente.

Outra curiosidade, unha factura de 10.748 euros emitida por Construcciones Vale, se contradice o texto da factura co informe que emite o técnico. Este di que corresponde a mantenimiento e acondicionamiento de varios camiños publicos e o texto da factura de construcción de firme, se pretende colar esta factura porque como non hai partida de inversión en el orzamento se pretende con este concepto a ver si cuela.

Cambiando un pouco de tema, en unha Comisión Informativa en xuño 2016 me parece que fora, respecto da aprobación do orzamento 2016, díciades que esos orzamentos eran mais realistas que os anteriores, porque os anteriores quizás houbera un exceso. A verdade é que acertou bastante, porque están dentro dun importe que nos pensabamos que están dentro de algo razonable, e non o que pasou no ultimo REC que foi histórico e unha autentica barbaridade.

Respecto a nosa posición vai ser en línea cos anos anteriores, no REC 2013 a suma foi 85.000 euros nos abstuvimos, no REC 2014 foron 123.000 e nosa posición tamén foi abstención, en 2015 votamos en contra porque foron 3 REC por 334.000 euros e agora seguindo a mesma linea a nosa posición vai ser abstención porque ainda que se podía pulir algo mais o REC entra dentro de parámetros razonables.

**TOURÓN DOMÍNGUEZ, Verónica (PsdeG-PSOE):** Boas tardes a todos e a todas, algunha cousa que queríamos decir xa a comentou o compañeiro do PP. Queremos antes de nada sinalar a diferencia deste REC co do ano de 2016. Alégrome de non estar no papel dun REC de 640.000 euros, con iso tamén quero e desexo que este sexa o único REC de 2017. A diferencia e moi notable, non sei se porque este ano non é electoral, pero bueno e verdade que este REC entra dentro dunhas marxes que se pode ter nun Concello como o noso.

O tema de que se traiga coma sempre a ultima hora porque rematan os prazos para facer as xustificacións, dende o PSOE pensamos que é unha mala xestión, as facturas de SOCISER entraron en xaneiro, houbo pleno ordinario en febrero, houbo pleno extraordinario en marzo polo que podíase haber levado antes.

En canto o detalle do que vai no REC, pola nosa parte separamos os que entran fora de data dos que realmente se gastan por encima do orzamento. A interventora non estaba na Comisión Informativa por motivo dunha baixa polo que non temos coñecemento exactamente do que non tiña crédito pero bueno si é verdade que esto entra en algo normal dentro dos importes que se manexan.

Cando foi a aprobación do orzamento no ano 2016, unha das suxerencias que presentamos foi que se incrementara a partida dos gastos necesarios e habituais para que non pasen estas cosas, a maior partes das facturas son de electricidade. Recordo que metemos unhas alegacións nas que pedímos eso e na Comisión informativa de orzamentos se dixo que como se metían no plan concellos se ia a solventar a deficiencia da cantidade do orzamento de electricidade e se comprobou que non chegou. Pola nosa parte seguimos insistindo que hai que empezar a arreglar os contratos de suministros e poder subsanar cousas que non se ben facendo del todo ben.

A nosa posición vai ser de abstención porque consideramos que é un importe normal pero presentaremos por rexistro ideas, volvendo a insistir neste, que facilitarán a boa practica da xestión económica do concello.

**GONZÁLEZ RODRÍGUEZ, José Luis (MS):** Coincidimos os tres que é un REC perfectamente asumible, que reflexa a boa execución do orzamento do ano pasado. No caso da liquidación do orzamento do ano pasado este REC que quedou sen partida e apenas representa un 1% dos gastos orzamentados e a pesar diso como sempre digo non teño a varita mágica para saber o que vou gastar nas 300 ou 400 partidas que hai no orzamento, é unha estimación dos gastos.

E evidente que non se pode acertar o 100%, pero a aproximación é bastante exacta.

Respecto as facturas de electricidade das que falades, a maior parte están na relación 1, polo que son facturas que tiveron entrada no 2017. Por outra banda o REC traelo antes de esta data, nos levaría a fazer mais dun REC mentres as empresas presenten facturas, se os fixades hai facturas de febrero, marzo, abril. De ahí o motivo que se intente meter o maior numero de facturas posibles.

Respecto de xustificar a subvención, o que nos transmiten os servizos técnicos, e que si se paga antes do 28 de abril se pode optar o cobro da subvención, así o plantexamos nos con este pleno extraordinario.



**Sr. Alcalde, Marcos David Besada Pérez (MS):** Tere, explica o tema concreto que pasou coa Xunta para poder entender mellor o tema da xustificación da subvención.

**PÉREZ GONZÁLEZ, María Teresa (MS):** Por un erro na Xunta nas xustificacións das subvencións pois ampliaron o prazo ata o dia 28 de abril e eles mesmos estiveron chamando os concellos para que aproveitaramos ese mes de marxe que nos caeu así inesperadamente.

**NÚÑEZ TRONCOSO, Joaquín (PP):** Acaba dicir o concelleiro que hai sobrante de crédito, ¿porque non se fixo unha retención de crédito?

**GONZÁLEZ RODRÍGUEZ, José Luis (MS):** Fáloche do global das partidas.

**NÚÑEZ TRONCOSO, Joaquín (PP):** Estou falando pola información que temos, é escasa porque é imposible estudiar os maiores co pouco tempo que tivemos. Hai unha minoración de crédito en 115.000 euros na partida onde van estas facturas que estamos falando de SOCISER.

**PÉREZ GONZÁLEZ, María Teresa (MS):** O pode explicar mellor Elisa, pero imaxino que ven polo peche do contrato.

**Elisa Marques Parrilla (Interventora do Concello):** Rematou o contrato con SOCISER, entón había que sacar os pregos para facer un novo contrato pero para poder aprobar esos pregos facía falta ter o crédito polo que faltaba de ano.

**Sr. Alcalde, Marcos David Besada Pérez (MS):** Por aclarar tamén aproveito para deciros que vamos ter unha reunión dos concelleiros e o Alcalde para o tema da Administración electrónica con María Lago que é a formadora para que nos explique o paso do papel o acceso a información por vía telemática.

Estamos cos cambios polo que por esa razón non se os dera antes a documentación, xa os había explicado que este fora o motivo de que se retrasara e non se os dera antes, tamén os pedíñ as disculpas oportunas nese momento.

**NÚÑEZ TRONCOSO, Joaquín (PP):** Esperemos que cando este implantada a administración electrónica o 100% a información que se pida a teñamos o mais pronto posible.

**Sr. Alcalde, Marcos David Besada Pérez (MS):** a propia administración electrónica permite eso.

**TOURÓN DOMÍNGUEZ, Verónica (PsdeG-PSOE):** Pouco mais que engadir da administración electrónica, supoño que na xuntanza nos explicarán o tema do acceso os rexistros.

Respecto do tema que estabamos a falar, o concelleiro de facenda di que hai un sobrante e se congratulou do ben que o había feito, si hai un sobrante e nunha partida non temos crédito tan ben non o faría polo que haber si a próxima vai atinando mellor.

Entendo que se aproveite todo o tempo para o REC pero o tema de SOCISER se leva todos os meses, podíase levar no extraordinario de marzo e non encontrarse con tanto apuro agora.

**GONZÁLEZ RODRÍGUEZ, José Luis (MS):** Ti sabes ben que estabas aquí, no ano 2015 cando fixemos o rec xa calculabas mal e quedabaches sen partida en certas areas que eran da tua man, se queres que che recorde cousas o fago. sabes ben ue estiveches aquí,

**TOURÓN DOMÍNGUEZ, Verónica (PsdeG-PSOE):** Se queres falamos de eso e entramos no debate.

**NÚÑEZ TRONCOSO, Joaquín (PP):** Alcalde, voulle recordar a súa posición no pleno respecto dun REC do ano 2006 de 133.000 euros cando estaba no Bloque. O seu voto foi en contra.

**Sr. Alcalde, Marcos David Besada Pérez (MS):** Vale si, todos temos pasado. Vos tamén.

**RODRÍGUEZ DAVILA, Santiago (PP):** Quero decir que as consecuencias do REC do ano pasado as sabemos e que agora mesmo estamos na normalidade. Este REC que esta Corporacion vai a aprobar si ten o carácter lexítimo porque é a competencia que ten o pleno para aprobar un REC, e eu quero deixar claro na acta deste pleno que o informe de intervencion nº 229/16 con data 21 de decembro de 2016 manifesta respecto da aprobación do REC do ano 2016 que estamos ante un feito nulo de pleno derecho. Se refiere a que o Pleno non reconoceu polo voto maioritario o REC polo que entendese que é un acto nulo de pleno derecho o digo porque o noso grupo está estudiando medidas o respecto . No dia de hoxe o Pleno vai validar este REC e polo tanto estos son os cauces legais e democraticos o respecto.

**Sr. Alcalde, Marcos David Besada Pérez (MS):** Lee a proposta seguinte:

**"PROPOSTA DE APROBACIÓN DO RECOÑECEMENTO EXTRAXUDICIAL DE CRÉDITOS**

D. Marcos D. Besada Pérez, Alcalde- Presidente do Concello de Salceda de Caselas, no exercicio das facultades que me atribúe a Lexislación vixente, propoño ao Pleno a adopción do seguinte Acordo:

Ante a existencia de gastos realizados durante o exercicio 2016 para os que non había dotación orzamentaria ou cuxas facturas foron presentadas durante o exercicio 2017 polo que non puideron ser tramitadas con cargo ao orzamento correspondente, segundo o detalle dos anexos que se achega coa proposta do Concelleiro de Economía e facenda de data 5 de abril de 2017, e vista a necesidade de recoñecer extraxudicialmente estes créditos.

Considerando que é xeneralizada a consideración de que, entre as diversas administracións que integran o sector público, é a administración local a máis cercana aos cidadáns e, por conseguinte, aquela á que dixen en primeiro lugar as súas pretensións.

Dentro dos principios enunciados no artigo 103 da CE que rexen a actividade das administracións públicas, a administración local debe procurar axustar a súa situación á axilidade e eficacia que demandan os cidadáns. É por iso que, en ocasións e para dar resposta aos veciños, a actuación administrativa non se axusta estritamente ao, por outra parte, ríxido procedemento legal.

Leváronse a cabo, neste sentido nos exercicios anteriores, determinados gastos sen consignación orzamentaria correspondentes a subministros de bens e prestacións de servizos, todos eles necesarios e indispensables para o normal desenvolvemento dos distintos servizos municipais e a prestación dos servizos xestionados por este Concello, así como gastos cuxa facturación tivo entrada no propio exercicio 2017 e que non puideron ser tramitadas e aplicadas a cargo dos respectivos orzamentos.

Aínda levados sen contar con crédito orzamentario adecuado e suficiente, o Concello está obrigado ao pago dos citados gastos, previa imputación dos mesmos ao presuposto municipal. O propio lexislador consciente da existencia de estas actuacións "irregulares" pero en calquera caso necesarias para a prestación de servizos indispensables, contempla a imputación dos citados gastos ao presupuesto corrente, imputación nun primeiro momento prohibida por o principio de anualidade orzamentaria, mediante a tramitación de un expediente de recoñecemento extraxudicial de créditos.

Considerando necesario e obrigado atender os gastos incorridos para evitar o prexuízo de terceiros contratantes coa administración e o correlativo enriquecemento inxusto ou sen causa de ésta; considerando a efectiva prestación dos servizos e subministros de bens por parte dos terceiros acredores, constando factura acreditativa de cada un dos gastos debidamente conformada polos responsables dos distintos órganos xestores do gasto.

Visto o informe de Intervención número EMP 63/2017 de data 6 de abril, onde consta que en aplicación do artigo 60.2 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, o recoñecemento de obligacións correspondentes a exercicios anteriores ou que, por calquera causa, non o foron naquel ao que correspondían, é competencia do Pleno da Corporación.

En atención ao exposto, propoño ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte **Acordo:**

**PRIMEIRO.** O levantamento do reparo formulado pola Intervención municipal no seu informe EMP 63/2017 de data 6 de abril.

**SEGUNDO.** Aprobar o recoñecemento de créditos 1/2017 segundo o seguinte detalle:

- Relación 1 de recoñecemento extraxudicial de créditos 1/2017: trátase de facturas que tiveron entrada no exercicio 2017 e que se corresponden con gastos do exercicio 2016.

O importe total da relación 1 de recoñecemento extraxudicial de créditos 1/2017 que se propón para a súa aprobación, todas as facturas conformadas polos/as concelleiros/as de cada área, ascende a un importe bruto de 116.635,47 €, con IVE soportado de 0,00 €, outros descontos 457,50 €, o que fai un importe líquido de 116.177,97 €. A relación comeza pola factura N° 28-A782-272046 de 01/01/2017 de Telefónica móviles España S.A., CIF A78923125, por importe de 534,14 € e remata coa factura N° 28/2016 de Mr. Misto Films S.L., CIF B15905672, de 15/07/2017, por importe de 725,00 €. (Adxunta a esta proposta anexo coa relación)

- Relación 2 de recoñecemento extraxudicial de créditos 1/2017: trátase de facturas correspondentes a gastos do 2016 que quedaron pendentes de aplicar ao orzamento en 2016 por non existir crédito orzamentario.

O importe total da relación 2 de recoñecemento extraxudicial de créditos 1/2017 que se propón



para a súa aprobación, todas as facturas conformadas polos/as concelleiros/as de cada área, ascende a 56.848,39 €. A relación comeza pola factura nº 200376711 de 05/04/2016 de Rentokil Initial España S.A., CIF A-28.767.671, por importe de 405,90 €, e remata pola factura nº 2210010732 de data 01/08/2016 de Thyssenkrupp elevadores S.L., CIF 33.464.263-E, por importe de 1.087,48 €. (Adxunta a esta proposta anexo coa relación)

- Gastos de desprazamento dentro do termínio municipal por razón de servizo a favor do Concelleiro de Vías e obras, Miguel González González NIF: 35.548.188-D, con cargo a partida 912-23100, co seguinte detalle:
  - 140,60 € (740 km) como indemnización polos gastos ocasionados polo desprazamento dentro do termínio municipal por razón de servizo durante o mes de xuño de 2016.
  - 70,88 € (372 km) como indemnización polos gastos ocasionados polo desprazamento dentro do termínio municipal por razón de servizo durante o mes de xullo de 2016.
  - 139,46 € (734 km) como indemnización polos gastos ocasionados polo desprazamento dentro do termínio municipal por razón de servizo durante o mes de setembro de 2016.
  - 123,31 € (649 km) como indemnización polos gastos ocasionados polo desprazamento dentro do termínio municipal por razón de servizo durante o mes de outubro de 2016.
  - 128,82 € (678 km) como indemnización polos gastos ocasionados polo desprazamento dentro do termínio municipal por razón de servizo durante o mes de novembro de 2016.
  - 120,65 € (635 km) como indemnización polos gastos ocasionados polo desprazamento dentro do termínio municipal por razón de servizo durante o mes de decembro de 2016.
- Que se recoñece a obriga derivada das cuotas emitida pola Comunidad de Propietarios José Antonio – Mercadillo, CIF:H36228237, correspondentes ao meses de xaneiro a decembro de 2016, pola vivenda 1ºD sita en R/Arxentina , nº7 Edificio Rúa José Antonio a Mercadillo por importe de 197,40 € con cargo á partida 231-22699.
- Que se recoñece a obriga derivada dos gastos de auga do colexo Revolta correspondente ao periodo 09/07/2016 a 08/01/2017, por importe de 32,00 €, así como a cota anual correspondente ao ano 2016 por importe de 20,00 €. a favor da Comunidade de usuarios de augas de Parderrubias, CIF G36219996 , con cargo á partida 323.46801
- Que se recoñece a obriga derivada dos gastos de auga do colexo Fontán, correspondente ao periodo 09/07/2016 a 08/01/2017, por importe de 4,50 €, así como a cota anual correspondente ao ano 2016 por importe de 20,00 €. a favor da Comunidade de usuarios de augas de Parderrubias, CIF G36219996 , con cargo á partida 323.46801
- Que se recoñece a obriga derivada da cota anual dos gastos de auga do Campo de fútbol Penedo Redondo, a favor da Comunidade de usuarios de augas de Parderrubias, CIF G36219996, correspondente ao exercicio 2016, con cargo á partida 342.46801 por importe de 20,00 €.

**TERCEIRO.** Aplicar, con cargo ao Orzamento do exercicio 2017 os correspondentes gastos con cargo ás partidas indicadas anteriormente e as que se detallan nos anexos mencionados anteriormente. "

Sometida polo Señor Alcalde a proposta, a votación, o Pleno do Concello de Salceda de Caselas, en votación ordinaria, aproba a mesma por seis votos a favor dos Sres./as Concelleiros/as do Grupo Municipal de Movemento Salceda e sete abstencións dos Sres./as concelleiros/as dos Grupos Municipais do Partido Popular o do PSdeG-PSOE.

Non habendo máis temas que tratar, ás vinte horas e cincuenta e cinco minutos, o Señor Alcalde levanta a sesión, da que estendo a presente acta (que consta de sete páxinas numeradas do un ao sete), e por min asinadas e seladas co carimbo do Concello, impresas en papel timbrado da Corporación até a súa elevación ao correspondente libro), que asina o Señor Alcalde, do que, coma Secretaria do Concello, dou fe.



Marcos David Besada Pérez



A SECRETARIA DO CONCELLO

Noemí Sirera Diéguez



